



Texto: María Canosa

Ilustracións: Beá Gregores

Idioma: Galego

Encadernación: Tapa dura

Medidas: 17x24 cm

Páxinas: 48

I.S.B.N. 978-84-18667-05-3

P.V.P.: 16,00€

Este libro busca achegar a todos os públicos, aínda que especialmente aos nenos, a figura polifacética de Emilia Pardo Bazán a través de momentos da súa apaixonante vida. Sorprenderanos a **nena curiosa** e gran lectora, a muller namorada e independente e a **autora de carácter**, rebelde ao rol que se esperaba de toda dama nun ambiente social e familiar privilexiado. A través da lectura, o estudo e unha capacidade de traballo infinita, conseguiu ser recoñecida no seu tempo sobrepoñéndose, en non poucos momentos, ao desdén de moitos compañeiros e académicos mentres era recoñecida, nacional e internacionalmente, por público e crítica.

Antes da lectura

Falar do **éxodo rural** no século XIX e como provocou un grande aumento da poboación das cidades, sobre todo nas máis industrializadas.

Explicar tamén como se segmentou a sociedade en clases e como se produciu o **enriquecemento da burguesía e a súa posición de privilexio**.

Expoñer a situación precaria da **clase obreira** e, aínda máis, a da **muller traballadora**.

No século XIX aínda perduraban **epidemias** que ameazaban a poboación. Facerlles reflexionar sobre como algo que pensabamos era cousa do pasado volveu con forza e provocou un enorme caos a nivel mundial.

Despois da lectura



O libro comeza coas lembranzas que Emilia garda de cando era nena, cales son os recordos que máis marcaron a túa infancia e que, dalgún xeito, determinaron os temas/materias que máis che interesan?

Pensas que hai grandes diferenzas entre as clases sociais que existen nas cidades e nas aldeas? Di catro cousas boas de vivir nunha cidade e outras catro de vivir nunha aldea.

A Emilia gústalle moito viaxar e aprender idiomas, cantos idiomas coñeces? Viaxaches algunha vez? A onde? A vida é diferente noutros lugares? Sorprendeute algo do que viches?

Na biografía de Emilia vese claramente as grandes diferenzas sociais que existían na época. Cres que é algo que aínda perdura hoxe en día? Se é así, consideras que esa diferenza vén dada polos estudos ou pola posición familiar?

Durante toda a súa vida, Emilia tivo que esforzarse e demostrar máis ca os demais polo mero feito de ser muller. Melloramos algo hoxe en día ou aínda seguimos igual?

